



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE NOVEMBRO DE 2011**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1831/2011.- SUSANA LODEIROS VAZQUEZ.-** Construción de vivenda unifamiliar con demolición de edificación en ruínas na rúa de Mallou, 14.

**LIC/1160/2011.- MARÍA MERCEDES GALLAS TORREIRA.-** Construción de vivenda unifamiliar no lugar de Monte da Vila.

**LIC/1293/2011.- VICTOR MANUEL IGLESIAS PAMPIN.-** Construción de vivenda unifamiliar en Vite de Arriba.

**LIC/1673/2011.- SOFIA CARBALLIDO MUGICO.-** Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de Son de Arriba, 10.

**LIC/1165/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Substitución de cuberta na rúa de Curros Enríquez, 1.

**LIC/2107/2011.- MANUEL MIGUEZ SALVADO.-** Construción de muro de contención na rúa Agro das Barreiras, 86.

**LIC/2104/2011.- MARIA FERNANDEZ CALVIÑO.-** Prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de novembro de 2008 para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Son de Arriba.

**LIC/578/2011.- JOSE MANUEL GARCÍA OTERO.-** Corrixir erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do día 17 de outubro de 2011, polo que se concede licenza para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Xesteira

**LIC/2266/2011.- ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS, SA.-** Cambio de titularidade no quinteiro 6 do polígono 1 do SUP-2 de Cornes a prol de INMOBILIARIA PAXONAL, SL.

**LIC/1109/2006 e LAP/365/2011.- ESTUDIO 5 DE GESTIÓN Y PROYECTOS, SA.-** Cambio de titularidade no quinteiro 7 do polígono 1 do SUP-2 de Cornes a prol de INMOBILIARIA PAXONAL, SL.

#### **DEVOLUCIONS DE FIANZA.-**

**LIC/1627/2011.- VANESSA VIVAS BENHAMOU.... LIC/29/2009 ..... 10.725,70 €.**

**LIC/2132/2011.- PROVISAN COMPOSTELA, SL.... LIC/427/2002 ..... 10.000 €.**

**LIC/2158/2011.- ALEJANDRO REY CAPEANS.... LIC/1229/2005 ..... 3.000 €.**

### **OCIHR**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1825/2010.- JOSÉ CAEIRO RAJOY.** Rehabilitación de edificación para dúas vivendas na rúa Belvís nº 3.

**LIC/1107/2011.- MARIA SÚAREZ VILAR.** Reforma da cuberta da edificación auxiliar do inmovible sito na rúa Porta da Pena nº 3.

**LIC/1319/2011.- CDAD HEREDEROS HERMANOS PORTO TORRES.** Adecuación funcional e remodelación da planta 1ª e 2ª de edificio para dúas vivendas en Cardeal Payá nº 7.

#### **DEVOLUCIONS DE FIANZA.-**

**LIC/2704/2011.- MARÍA LUZ COTON MIGUEZ.-** Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de maio de 2011.

**DIS/896/2011.- REHABILITACIONS TRABECON SL.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa da Acibecheira nº 31.

**DIS/1041/2011.- MANUELA CES CANEDO.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa do Vilar nº 84.

**DIS/1067/2011.- MARÍA LUISA NÚÑEZ LOIS.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa da Raiña nº 17.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.**

A XGL aprobou diversas axudas de carácter social en concepto de vivenda, manutención, comedores escolares, por un importe de 8.323,18 €.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á desestimación da reclamación presentada polo Clube Instituto Rosalía de Castro.**

Tras recibir escrito de reclamación por parte do Presidente do Clube Instituto Rosalía de Castro, o respecto dunha subvención para a tempada 2009/2010, a XGL aprobou desestimar esta reclamación en vista do informe da Intervención que entendía que non correspondía parte da cantidade con cargo a anualidade 2010.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á subvención nominativa concedida pola Deputación Provincial da Coruña para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2010.**

Deuse conta á XGL da aprobación da documentación presentada en concepto de xustificación da totalidade da subvención nominativa concedida para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2010. Esta subvención ascendeu a 233.045,84 €.

**8.- Proposta dos concelleiros delegados de Educación e Centros Socioculturais relativa ao reparto das subvencións concedidas pola Deputación da Coruña para actividades educativas e culturais e infraestruturas e equipamento cultural.**

A XGL aprobou a proposta do reparto da subvención concedida pola Deputación da Coruña destinada a actividades educativas e culturais e infraestruturas e equipamento cultural. O importe da subvención distribúese da seguinte forma:

--Para infraestruturas e equipamento cultural: 24.997,28 €.

--Para actividades educativas e culturais: 35.797,57 €.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación da revisión dos equipos de respiración autónomos, proba hidráulica do compresor e recarga de botellas de aire respirable do Servizo de Extinción de Incendios.**

A XGL aprobou adxudicar á empresa Drafersafety o contrato para facer a revisión dos equipos de respiración autónomos, proba hidráulica do compresor e recarga de botellas de aire respirable do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento. O importe do contrato é de 16.158,85 €.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á autorización do uso de instalacións do CEIP Apóstolo Santiago pola Asociación de Nais e Pais do Alumnado para Nadal. 2011-2012.**

A XGL aprobou a utilización das instalacións do CEIP Apóstolo Santiago para a realización do Programa URBANADAL, unha actividade de conciliación familiar encadrable dentro do Programa Municipal de Dinamización Social e Igualdade de Oportunidades da Iniciativa Comunitaria Urbana Santiago Norte. Este Programa levarase a cabo os días 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro. O horario será de 8 a 14:45 horas.

**11.- Corrección de erros no acordo de aprobación do proxecto modificado nº 2 do de Construcción no barrio de Santa Marta dun equipamento sociocultural consistente no primeiro centro cívico con sala independizable de usos múltiples, incluída no FES 2010.**

A XGL acordou modificar a proposta aprobada en XGL do 31 de outubro de 2011 relativa á construción no barrio de Santa Marta dun Centro Sociocultural cunha sala de usos múltiples independizable. Omitiuse nesa proposta o parágrafo respecto do prazo de execución de ditas obras, con finalización o 31 de decembro de 2011.

**12.- Resolución do recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do contrato de explotación do tren turístico urbano.**

A XGL aprobou desestimar o recurso especial en materia de contratación administrativa presentado pola entidade mercantil Autobuses Urbanos de Lugo S.A. contra o acordo do

Consello de Administración de INCOLSA polo se adjudica o contrato do tren turístico urbano. Esta desestimación ven fundada polo informe da dirección da Asesoría Xurídica do Concello.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa á resolución inicial do concurso de NOVAS IDEAS EMPRESARIAIS COMPOSTELA ACTIVA 2011.**

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Turismo e Comercio, a resolución do Concurso *Novas Ideas Empresariais Compostela Activa 2011*. Concedéronse os seguintes premios:

- Premio Novas ideas empresariais categoria xeral. 4.000 €.
- Premio Novas ideas empresariais promovidas por mulleres. 4.000 €.
- Premio Novas ideas empresariais promovidas pola xuventude. 4.000 €.
- Premio Novas ideas empresariais categoria Experiencia. 4.000 €.
- Premio Novas ideas empresariais Comercio e Turismo. 4.000 €.
- Premio Novas ideas empresariais Industria e Servizos. 4.000 €.

**14.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**52.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes para dar conta das normas internas do uso e funcionamento dos campos de fútbol e pavillóns polideportivos municipais.**

A iniciativa do concelleiro de Deportes deuse conta á XGL da aprobación dunhas normas internas de uso das instalacións deportivas municipais tanto para os campos de fútbol como para os pavillóns polideportivos. Estas normas aprobáronse co obxecto de regular e organizar o uso destas instalacións debido ao gran número de usuarios que están a empregalas.

**53.- Expediente de crédito extraordinario nº 2011-crext-19 para instalación de material semaforico con cambio de finalidade de remanente de tesourería afectado procedente de préstamos.**

A proposta da concelleira de Facenda, a XGL aprobou un crédito extraordinario para proceder á instalación de semáforos centralizados para o seu control dende a sala de tráfico nas interseccións da Rúa República do Salvador coas Rúas Doctor Teixeiro e Xeneral Pardiñas, para regular o paso de peóns e vehículos. O importe desta contratación é de 40.241,52 €.

**54.- Expediente de crédito extraordinario nº 2011-crext-18 para transferencia corrente ás entidades Fórum Gastronómico, S.L. e Fundación Araganey-Puente de Culturas con cargo a baixas por anulación doutra aplicación do orzamento de gastos e modificación da base 30 de execución do orzamento municipal. 2011.**

A XGL aprobou un crédito extraordinario de 80.000 € para as entidades Fórum Gastronómico S.L. e Fundación Araganey-Puente de Culturas. O reparto sería de 70.000 € para o Fórum Gastronómico S.L. e de 10.000 € para a Fundación Araganey. Esta proposta queda pendente da súa aprobación polo Pleno previo ditame favorable da Comisión de Facenda.

**55.- Aprobación das bases do V premio internacional Compostela Albums Ilustrados.**

Apróbanse as devanditas bases.

**56.- Aprobación do concurso de carteis de nadal 2011.**

A XGL aprobou o Concurso Cartel de Nadal 2011. Este Concurso está dirixido a todos os escolares de educación infantil e primaria do municipio de Santiago, co obxecto de seleccionar o cartel que anuncia as festas de Nadal. O presuposto para esta proposta é de 2.765 €, distribuídos como segue: agasallos concurso a escolares e colexios: 875 €; gratificación xurado: 90 €; deseño, impresión, distribución e megafonía entrega premios: 1.800 €.

**URXENCIAS**

1.- Apróbase o Plan de Acción Local na Prevención de Drogodependencias.